




Día das Letras Galegas

2009

Ramón Piñeiro

O mestre socrático

XULIO VALCÁRCEL

■ Colle o teléfono, remexe uns papeis, fai que busca algo no arquivo, e aproveitando que o coronel está a falar co gobernador, sae do despacho. Aínda queda un bo treito ata a saída. Conforme baixa as escaleiras do Goberno Civil, o corazón latexa como poldro desbocado. No interior do edificio e na propia rúa hai un boureo de présas e conversas que quizais lle axude no seu propósito de liscar dalí canto antes.

Deixa atrás a secretaría, e cando se dispón a pisar fóra advirte, contrariado, que o chofer do coronel está co motor aceso agardando a saída do xefe; a gorra na man, enxuga a cada pouco, nun xesto nervoso, as pingas de suor nas mangas do uniforme... O fuxido fica atónito, paralizado. “¡Deprisa, deprisa, antes de que sea demasiado tarde!”, foron as palabras salvadoras.

Malia a brutalidade atroz que logo se lle soubo, o chofer, antigo republicano, deixouno ir. Ramón correu entón á sede do Partido Galeguista a avisar aos compañeiros, destruír documentación e advertir aos afiliados que traten de agochar-

se. O dezaioito de xullo de 1936 estaba Ramón Piñeiro en Lugo, colaborando co gobernador na defensa da República, cando un furacán de gardas civís irrumpe na estancia. Disimula, como se fose un funcionario. A guerra e a cadea non deixaron feridas morais de resentimento ou vinganza, na alma de Ramón. Aínda así lembraba, arrepiado, como algúns, antes pacíficos e tranquilos, chegado o vendaval da violencia se ofrecían voluntarios para fusilar aos prisioneiros, só para roubarlle as botas.

Hai no xorne de Ramón, na maneira de ser, prudente e reflexiva, a sabiduría secular campesiña. Neno labrego de Láncara, a súa precocidade no interese pola cultura, ben se amosa no feito de que antes de comezar a escola, á nada prematura idade de seis anos, xa dependera a ler e a escribir, el só, desoíndo as advertencias do pai que consideraba —como aínda sosteñen algunhas teorías— que fóra da man dos mestres había coller xeitos equivocados, logo difíceis de correxir. Aínda así, o neno non se deixou coutar, impaciente como estaba por coñecer e por saber.



✦ Piñeiro con membros destacados do galeguismo cultural como Del Riego, Casares ou Dónega

Conta Beatriz Turnes (“Vida e obra de Ramón Piñeiro”, editorial Galaxia, 2009), que unha das cousas que máis impactou ao rapaz, precisamente ao comezar a escola e que nunca esquecería, foi a ruptura forzada e antinatural coa lingua nai, familiar e social. Naquel ámbito académico que marcaba as pautas da cultura, da urbanidade e do prestixio, non se podía pronunciar unha soa palabra en galego, baixo pena de ser humillado e reprimido. Nunha liña similar, vénnos á memoria un artigo de Neira Vilas no que lembra como unha vez o castigaron con severidade por térrle pasado a un colega, durante a crase, unha nota escrita en galego. O problema non estaba na nota, senón no idioma. Trataban de extirpar a raíz, a nódoa máis íntima, e sementar no seu oco a vergoña e o complexo.

Agora, a celebración do Día das Letras Galegas vén a agradecerlle o seu esforzo na defensa dun idioma maltratado e desprezado polos propios galegos; a loita vital, sen acougo, que Piñeiro mantivo por devolverlle unha lexitimidade expoliada a mans da ignominia e do cinismo.

Resulta proveitoso reler os artigos e ensaios, a obra, en suma, cur-

Resulta proveitoso reler os artigos e ensaios, a obra, en suma, curta, pero intensa, de Ramón Piñeiro

ta, pero intensa, de Ramón Piñeiro, non só á luz das circunstancias nas que as escribiu, senón desde a perspectiva de hogano, visto o vinagre que algúns parece que almorzan.

Na obra que comentamos, de Beatriz Turnes, ademais dos apuntes biográficos recóllense unha serie de textos de contido maiormente político e filosófico, centrándose no problema lingüístico polo que atinque á política, e á profundización na saudade, no que respecta á filosofía.

Quizais inxenuamente pensaba Piñeiro que con independencia do enfoque social dos varios partidos que poidesen ir nacendo conforme chegase a democracia, era posible sostener unha base única de defensa de Galicia e os seus signos diferenciais e irrepetibles, dos que a lingua

é principal compoñente. Isto é, que o idioma non fose algo exclusivo do nacionalismo, senón patrimonio común de todas as ideoloxías. Unha especie de pan-galeguismo aceptado desde os diversos enfoques.

Verbo da Saudade, Piñeiro defínea como o sentimento, a vivencia, a conciencia, da soidade ontolóxica do ser humano; mentres que o progreso significa enriquecemento dos valores humanos nos distintos niveis da súa sutil e complexa totalidade. É importante a matización, non se ha de ir á simplificación, senón á complexidade...

Galeguista convencido, monxe láico ao servizo da causa, Ramón Piñeiro resulta el mesmo tamén complexo: anti-nacionalista e anti-comunista (certo), acusado de liquidacionista (discutible), dirixiu desde a sombra as directrices culturais e políticas do País. A súa impronta foi moi importante e hoxe somos como somos, en moita parte grazas a el, que deseñou as liñas polas que transitar. Intelixente e agudo, gozaba do don da persuasión. Nas distancias curtas era afable e ponderado. O seu maxisterio nacia do respecto, da autoridade moral e da coherencia íntima.



Bibliografía

Artigos

- "Saudade", en Gran enciclopedia gallega. T. 28. Santiago/Xixón, Silverio Cañada Editor, s.d.
- "Retorno a Tago Ata, por X. L. Méndez Ferrín", Grial 32, 1971, pp. 238-239.
- "En percura do Castelao verdadeiro", Grial 47, 1975, pp. 17-23.
- "[Castelao], mestre da conciencia galega", Boletín de la Real Academia Gallega 32, 1975, pp. 106-108.
- "Sobre o pensamento galego da xeneración Nós", Avriense 5, 1975, pp. 31-35.
- "Vicitudes históricas da cultura galega", Cuadernos del Laboratorio de Formas de Galicia 4. Inauguración da Galería Sargadelos en Madrid. Edición do Castro, 1975; pp.105-119.
- "Castelao e Pondal, dúas visións da nosa historia", Homenaxe a Castelao. Uiversidad de Santiago, 1976; pp. 55-59.
- "Importancia decisiva da xeneración Nós", Grial 59, 1978, pp. 8-13.
- "Carlos Maside na miña lembranza", en VVAA: Maside: un pintor para unha terra. Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1979, pp. 33-47.
- "A Galicia de Seoane", Grial 65, 1979, pp. 288-92.
- "A personalidade política de Fermín Penzol", Grial 73, 1981, pp. 279-88.
- "Parolar con Rafael Dieste", Grial 78, 1982, pp. 467-69.
- "Peculiaridades del nacionalismo gallego", Muga. Homenaje a Koldo Mitxelena, 1982, pp. 12-19.
- "A revista Grial", en Kremer, D. e Lorenzo, R. (eds.): Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1982, pp. 35-41.
- "Consello da Cultura Galega", Grial 84, 1984, pp. 238-40.
- "Castelao político", Anthropos 65, 1986, 38-41.
- "Lembrando ao Cilistro [Celestino Fernández de la Vega]", Grial 95, 1987, pp. 13-22.
- "Os contos de Anxel Fole", Grial 95, 1987, pp. 113-14.

Instituto de Estudios Políticos y Sociales

17 de maio, Día das Letras Galegas

Posicionamento da Fundación IEPS na defensa da lingua galega, por D. Miguel Anxo Ferreiro Vello

Miguel Anxo Ferreiro na súa discursión de ingreso na Real Academia Galega, titulado *A lingua e os lingüas* (1967), que a lingua é a bandeira da nosa solidariedade moral. O idioma galego entrou a esta primeira manifestación escrita ben entrado os século XIX e, convertido na lingua lírica por excelencia da península Ibérica, chegou a adquirir no plano literario algo máis internacional, sendo utilizado na escrita por autores portugueses, occitanos ou sicilianos, e particularmente por poetas cataláns cultos, que preferían para as súas composicións a lingua galega. Ten polo tanto o novo idioma "proprio" unha historia cheia de brillo e escañados, o que levara ao Premio Nobel de Literatura, o mediano Oreste Paz, a definir a lírica mediterránea como unha das rotas da humanidade.

Dende finais do século XIX e supostamente denominados "séculos escuros" —Rosalía de Castro publica *Canções Gallegas* en 1862—, o idioma galego recuperouse como idioma literario e de cultura, chegando a converterse nas primeiras décadas do século XX nun importante vehículo estético e vingardista para a expresión literaria. A guerra civil e a posterior ditadura franquista provocaron un corte brutal na cultura e no desenvolvemento da lingua e da cultura de Galicia e así a partir dos anos 50 do pasado século —a Editorial Galaxia creáase en 1950 e Lugo máis de pedra, de Criso Emilio Ferreiro, ve a luz en 1962— se activou, non sen atrascos, unha corrente de restauración cultural e lingüística que, unha vez insaurida a democracia a partir do ano 1975, permitiu que o idioma galego e a literatura que del emana conformen, en progresión, verdade e cidadanía, un dos momentos máis importantes e transcendentes na historia de Galicia. A literatura galega actual, sen dúbida, está á altura, no plano estético e artístico, de calquera outra literatura europea contemporánea e vivente, e a súa vida é unha normalización e unha normalidade naturais, o que a converte nun dos grandes expoñentes, senón o máis importante, da creación cultural galega do novo tempo.

Agora que celebramos o Día das Letras Galegas, dedicado o presente ano ao filósofo e activista político-cultural lugues Ramón Piñeiro, comprei que todos os cidadáns galegos que aman a Galicia e ao seu idioma —práctica esta irreducíbel— manifesten a súa irquecibilidade "solidariedade moral" co noso máximo sinal e símbolo de identidade. A inmensa maioría dos cidadáns galegos, galegoafectos ou non, senten a lingua nacional de Galicia como patrimonio histórico irreducíbel e ao mesmo tempo defenden a súa promoción e o seu uso en todas as niveis da sociedade. Cando se utilizan no fronte inmediato medidas de corte político que tratan de "reducir" e "rebaixar" o idioma de nado e a súa práctica en tempos preconstitucionais e preconstitucionais, é preciso reclamarmos coa máxima enxada o cumprimento da legalidade en materia lingüística. É aínda máis, e con máis razón, cando esta legalidade é froito do consenso político e da unanimidade parlamentaria. A sociedade galega do século XXI non pode permitir que o idioma galego de Galicia, brillante na súa historia e vivo de hoxe no momento actual, sexa obxecto de minimización ou de calquera caste de acanxiamento. Porque debe escribirse coa máxima amplitude aos catro ventos, como quínta Ramón Piñeiro, esa bandeira da nosa solidariedade moral que é a nosa antiga e ao mesmo tempo plenamente moderna e universal Lingua Galega de todos os galegos.